

Un Plan China para Galicia

Marola Padín Novas

Introdución

Galicia non debe demorar por máis tempo a súa implicación clara e decidida en relación a China. A nosa comunidade debe empregar o seu potencial como vantaxe comparativa botando mán das actuais innovacións tecnolóxicas para que a nosa acción exterior asuma unha posición relevante en Asia, máis concretamente en China.

O texto que segue ten por obxecto dar conta das melloras así como das deficiencias que aínda existen en distintos eidos en termos do coñecemento sobre China en Galicia. A tal efecto, estrúcturase en catro partes. A primeira é unha análise crítica da acción exterior de Galicia en relación a China. A segunda describe os progresos e as futuras posibilidades que o mercado chinés ofrece ás empresas galegas. A terceira explica o escaso coñecemento existente na sociedade galega arredor de China. Finalmente, a parte derradeira ocúpase das conclusións sobre os aspectos analizados nos apartados anteriores. Trátase pois de facer unha radiografía sintética e xeral dos vínculos existentes entre as dúas realidades, suxerindo propostas e ideas co denominador común dunha alerta sobre a importancia do achegamento ao xigante asiático, superando as limitacións que a distancia ou o diferente tamaño impoñen a ambos os dous actores.

A nosa acción exterior: o aspecto institucional en relación a China

A creación do Consello de Acción Exterior de Galicia (CAEX)⁽¹⁾, adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, unha iniciativa do actual goberno, pon de manifesto a preocupación das autoridades galegas por acadar un marco para sinalar, dende unha visión colectiva, as nosas prioridades no eido da acción exterior da nosa comunidade autónoma. Así, segundo queda expresado nas súas disposicións xerais, *“a misión do Caex será asesorar con carácter non vinculante a Xunta de Galicia no deseño das estratexias, plans e programas no eido da acción exterior coa finalidade de aglutinar esforzos, coordinar as actuacións público-privadas, reforzar a imaxe de Galicia no mundo, e consolidar no tempo a acción exterior de Galicia”*. Nembargantes, pese á presumible “boa intención” inicial do

(1) Decreto 368/2009, do 30 de xullo, polo que se crea e se regula o Consello de Acción Exterior (CAEX) no número 154 do DOGA. ([http://www.xunta.es/dog/Dog2009.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/28fed67382804a07c125760a00452b63/\\$FILE/15400D001P006.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2009.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/28fed67382804a07c125760a00452b63/$FILE/15400D001P006.PDF)).